



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	---------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	☐ Home ☐ Muller		
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2019210001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C2-A-19

Proba A1

Vostede e mais un primo van celebrar unha comida familiar ao aire libre. Queren convidar moitos parentes e están considerando distintas opcións para organizar o xantar. Despois de ver esta reportaxe nun programa de televisión, decide escribirlle un correo electrónico. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Saudalo e explicarlle que son os *food trucks* ou restaurantes sobre rodas.
- Comentarlle cales son as vantaxes de facer o xantar neste tipo de restaurantes.
- Propoñerlle contratar a comida no restaurante do que se fala na reportaxe.
- Suxerirlle un menú con algúns pratos que se citan no vídeo e despedirse.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede adoita axudar en tarefas de coidado e conservación da natureza. Logo de ler estes folletos sobre programas de voluntariado ambiental, decide escribirlle **unha mensaxe electrónica** á persoa responsable dos programas. No texto, de **200 palabras**, ten que:

- Presentarse e expresarlle os seus parabéns por organizar estas actividades.
- Comentarlle cal é a súa formación e dicirlle que experiencia ten como voluntario/a.
- Indicarlle en cal dos dous programas prefere participar e explicarlle por que.
- Ofrecerse a colaborar nos traballos que lle gustan máis e concretar as datas en que pode ir.

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ILLAS DE SÁLVORA E CORTEGADA



Este programa desenvolverase en Sálvora e Cortegada, en quendas de 5 días. Poderán participar ata un máximo de 10 persoas que realizarán tarefas de conservación na contorna das illas.

O PROGRAMA INCLÚE:

- Aloxamento en tenda de campaña
- Comidas
- Seguro de accidentes

Os participantes deberán desprazarse pola súa conta ata o punto de encontro e alí serán recollidos para trasladarse ás illas en barco.

ACTIVIDADES

O persoal técnico do parque repartirá as tarefas tendo en conta a formación e os gustos das persoas participantes.

- Limpeza de praias
- Eliminación de plantas invasoras
- Apoio nas tarefas de mantemento
- Adecuación de sendas e camiños

CONDICIÓNS XERAIS

Poderán anotarse no programa as persoas maiores de idade ou que teñan os 16 anos feitos con autorización da nai, do pai ou do representante legal.

Quen desexe participar deberá levar:

- Saco de durmir
- Roupaxeitada
- Crema solar

DATAS

- Primeira quenda, Sálvora: do 18 ao 22 de setembro
- Segunda quenda, Cortegada: do 25 ao 29 de setembro

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL A PEROXA



Este programa desenvolverase en quendas de 5 días. As 6 persoas voluntarias que poden participar, xunto co monitor, realizarán actividades de coidado do bosque da Peroxa.

O PROGRAMA INCLÚE:

- Aloxamento e pensión completa nun albergue
- Obradoiro de plantas medicinais
- Seguro de accidentes

O desprazamento ata o punto de encontro correrá por conta das persoas participantes.

ACTIVIDADES

- Eliminación de especies invasoras
- Apoio nas tarefas de limpeza
- Construción de sinais indicativos
- Plantación de árbores autóctonas

Os traballos repartiranse en función da preparación e preferencias dos participantes.

CONDICIÓN XERAIS

Poderán inscribirse no programa todas as persoas maiores de idade interesadas.

Quen desexe colaborar deberá levar:

- Utensilios de aseo
- Crema de protección solar
- Mochila pequena

DATAS

- Primeira quenda: do 7 ao 11 de agosto
- Segunda quenda: do 14 ao 18 de agosto

As persoas interesadas en participar nos programas de voluntariado ambiental deberán dirixirse a Toni Outeiro Pazos a través do correo electrónico: voluntariado@xunta.gal.

Ao finalizar a súa colaboración nalgún destes programas de voluntariado ambiental entregárase un diploma acreditativo



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

